

Domingo, 6 junio 2010

BUSCAR • HEMEROTECA • PUBLICIDAD • RSS

Introduzca su email

Portada Deportes Arteixo Galicia Área Metropolitana Servicios

Domingo, 6 junio 2010

Entrega de diplomas aos alumnos de Protección Civil

Puntúa la entrada

O conselleiro entregou onte diplomas a 127 asociacións de voluntarios de Protección Civil dos concellos galegos e 33 diplomas aos alumnos do curso superior de Protección Civil...



O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, fixo entrega onte na sede da AGASP dos diplomas de cursos aos representantes das Asociacións de Voluntarios de Protección Civil e aos alumnos do curso superior de Protección Civil, nun acto no que destacou a importancia que ten para a nosa comunidade a formación da Protección Civil, e a aposta por parte da Xunta por fornecer o sistema de prevención e resposta fronte a determinadas contingencias.

Rueda resaltou que esta firme aposta por parte da Xunta vaise reforzar cando entre en funcionamento a nova sede da Axencia Galega de Emerxencias, que se vai converter nun centro de referencia en España para os colectivos de bombeiros, Policía e Protección Civil. Un compromiso da Xunta con Protección Civil e coas emerxencias que tamén se reflicte no propósito de implantar un sistema de emerxencias profesional en todo o territorio galego.

Este proxecto conta cun orzamento de máis de seis millóns de euros, aos que se suman outros tres millóns para licitar a plataforma tecnolóxica que lle dará servizo e que estará operativa para cando o edificio estea ultimado, co obxectivo de que estea en pleno funcionamento en 2012.

Ao acto asistiron, entre outros, o director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva Álvarez; o director da AGASP, José Carlos García Bouzas; o alcalde da Estrada, José Antonio Dono López; o presidente da FEGAMP; Carlos Antonio Fernández Castro e o subdirector xeral de Planificación e Protección Civil, Roberto Suárez.

PUBLICIDAD

¡Deje su comentario!

Comparte esta noticia

Email (No será publicado):

Nombre:

Comentario:

Suscríbete al marcador RSS Añadir a iGoogle

Enlace permanente:
http://elnoticierodearteixo.com/not/2074/entrega_de_diplomas

Tif. 981 641 080 - Fax 981 633 094

Hoy	Mañana	Martes	Miércoles	Jueves
21°C	21°C	18°C	19°C	19°C
14°C	13°C	14°C	14°C	14°C

Más contenido de El Noticiero de Arteixo: [HEMEROTECA](#) | [NOSOTROS](#) | [PUBLICIDAD](#) | [CONTACTO](#) | [SUSCRIPCIÓN](#)



